

CANTO

Probas de acceso 2023

1.- Lectura a primeira vista consistirá na interpretación dunha breve obra, ou fragmento dela, proposta polo tribunal, cun tempo de preparación de 5 minutos.

- A partitura facilitada ás persoas aspirantes permanecerá no atril do piano.
- A persoa aspirante poderá tocar no piano os acordes, os arpejos e a escala da tonalidade na que estea a peza antes de empezar a preparala.
- Para facilitar a correcta afinación, xusto antes de interpretación da obra ou fragmento, a persoa aspirante poderá tocar no piano a nota inicial. Valorarase a posible interpretación co texto.

Criterios de avaliación:

- 1.- Ser quen de recoñecer a tonalidade da obra presentada.
- 2.- Amosar unha lectura fluída, con mantemento do ritmo e da velocidade aproximada indicada na obra, de ser o caso.
- 3.- Unha vez comezada a lectura, non realizar pausas que non sexan as indicadas na partitura
- 4.- Ser quen de manter unha correcta afinación, sobre todo nos intervalos máis sinxelos.
- 5.- Demostrar capacidade de corrección no caso de cometer algún erro.
- 6.- Ser quen de aplicar o texto na interpretación.

2.- Para a Interpretación dun programa de duración aproximada de ata 30 minutos valorarase:

- A presentación dun programa con obras pertencentes a diferentes xéneros vocais (Oratorio, Lied e/ou canción de concerto, Ópera e Zarzuela), de diferentes estilos e representativas de diferentes autores e épocas.
- A interpretación de obras nun mínimo de tres idiomas estranxeiros, de entre os seguintes: italiano, alemán, francés e inglés.
- A adecuación do repertorio ás calidades vocais da persoa candidata.
- A interpretación do repertorio de memoria (para a interpretación das obras de oratorio e/ou cantata poderase empregar partitura).

A persoa aspirante deberá facilitar ao tribunal a relación ordenada das obras que teña previsto interpretar e as súas duracións aproximadas, así como copias de ditas obras. Para todo isto, poderá elixir unha das seguintes opcións:

- No mesmo momento da proba, entregar para cada membro do tribunal unha copia en papel das partituras do repertorio que presenta, xunto coa relación das obras con indicación da duración aproximada das obras, e a orde que ten previsto seguir durante a interpretación.
- Enviar cun máximo de 24 horas de antelación, mediante correo electrónico, as partituras en PDF xunto coa relación de obras con indicación da duración aproximada das obras, e a orde que ten previsto seguir durante a interpretación, ao enderezo electrónico lorenzodelossantos@edu.xunta.gal

Criterios de avaliación:

- 1.- Presentar un programa equilibrado e que estea acorde ás características e posibilidades vocais da persoa aspirante.
- 2.- Amosar una correcta emisión e control da voz na interpretación do repertorio.
- 3.- Ser quen de cantar cunha correcta afinación.
- 4.- Empregar a fonética axeitada en relación co idioma cantado e unha dicción que faga intelixible o texto.
- 5.- Ser quen de interpretar o repertorio adecuándose ao xénero e estilo vocal ao que pertencen as obras.
- 6.- Demostrar control do tempo nas obras a interpretar.
- 7.- Amosar un equilibrio na dinámica en relación co piano.
- 8.- Saber utilizar as características e posibilidades da propia voz na interpretación (extensión, timbre, flexibilidade, calidades expresivas...)
- 9.- Ser quen de interpretar o repertorio presentado con soltura e seguridade na presenza escénica.
- 10.- Ser quen de interpretar de memoria o repertorio (para a interpretación das obras de oratorio e/ou cantata poderase empregar partitura).

REPERTORIO ORIENTATIVO

Debido a que as características do instrumento de cada persoa aspirante poden ser moi diversas en tanto ao rexistro vocal (soprano, barítono...), faise case imposible facer unha relación de todas as obras axeitadas para cada un dos rexistros vocais.

Así pois, facilitamos, a modo de orientación, unha guía de autores e algunhas das súas obras coas que se pode amosar o nivel interpretativo a valorar durante a proba. Ningunha das obras ten carácter obrigatorio (mesmo se pode presentar un programa con autores e obras de épocas diferentes das aquí relacionadas).

Oratorio/Cantata:

Obras de Bach, Haendel, Mendelssohn, Mozart, Fauré.

Lied e/ou canción de concerto:

Cancións ou ciclos de cancións dos seguintes compositores: Albéniz, Baldomir, Beethoven, Brahms, Bizet, Chausson, Chaminade, Debussy, Delibes, Duparc, Durán, Dvorak, Falla, Fauré, Gaos, Gounod, Granados, Guridi, Hahn, Liszt, Massenet, Mendelssohn, Montes, Mozart, Nin, Respighi, Rodrigo, Schubert, Schumann, Strauss, Tosti, Wagner, Wolf

Ópera:

Arias, segundo o rexistro e as calidades vocais, de óperas similares a estas: Bellini (Sonámbula), Bizet (Carmen), Donizetti (L'elisir d'amore), Haendel (Acis e Galatea, Giulio Cesare), Martín y Soler (Una cosa rara), Mozart (Cosí fan tutte, Die Zauberflöte, Don Giovanni), Puccini (Le Villi, La Bohème), Purcell (Dido e Eneas), Verdi (Rigoletto, Traviata), Weber (Der Freischütz)

Zarzuela:

Romanzas, segundo o rexistro e calidades vocais, de zarzuelas similares a estas: Arrieta (Marina), Barbieri (El Barberillo de Lavapies), Bretón (La Verbena de la Paloma), Chapí (El Rey que Rabió), Chueca (La Gran Vía), Fernández Caballero (Gigantes y Cabezudos), Guerrero (El huésped del Sevillano, La Rosa del Azafrán), Guridi (El Caserío, La Meiga), Serrano (La Canción del Olvido), Sorozábal (La del Manojó de Rosas, La Taberna del Puerto), Soutullo (El Último Romántico), Moreno Torroba (Luisa Fernanda), Vives (Doña Francisquita, Bohemios)